

LISTAXE DAS 30 MEDIDAS INCLUÍDAS NA PROPOSTA DE ACORDO FORESTAL

1. Colaboración Xunta-Concellos para financiar a limpeza dos montes
2. Garantir que o 100% dos concellos teñan bombeiros ou brigadas
3. Aprox Rural dedicado unicamente a contratar persoal para mantemento e valorización do monte
4. Mando único para todos os servizos de emerxencias
5. Facilidades para actuar nas parcelas de titular descoñecido
6. Incorporación cautelar ao Banco de Terras das parcelas con propietario descoñecido, falecido ou ilocalizable
7. Incorporación cautelar ao Banco de Terras dos montes veciñais en man común abandonados
8. Mobilización das terras abandonadas para polígonos agrarios
9. Faixas de protección arredor das subestacións eléctricas e estacións de telecomunicacións
10. Obriga de xestión da biomasa nas vivendas illadas en solo rústico aínda que estean a máis de 400 metros do monte
11. Máis limitacións dentro dos 50 metros arredor das edificacións
12. Máis requisitos para plantar especies pirofíticas entre os 30 e 50 metros arredor dos núcleos
13. Campaña de difusión sobre as novas medidas de prevención
14. Campaña de sensibilización na educación obrigatoria
15. Participación dos grupos parlamentarios na redacción do Plan forestal
16. Impulsar os plans de ordenación nos 19 distritos forestais, comezando por Ourense e Pontevedra
17. Axudas para que todos os montes dispoñan en 2019 dun instrumento de ordenación
18. Mellora das zonas de pastoreo extensivo no sur de Galicia
19. Seguir avanzando na reestruturación parcelaria, especialmente a impulsada por particulares
20. Redución do papelame necesario para as autorizacións de corta
21. Plataforma tecnolóxica para coñecer o grao de protección de cada monte
22. Traballo a través da recentemente creada Axencia Galega da Industria Forestal
23. Programa de formación e emprego sobre tratamentos silvícolas e xestión do monte
24. Facilitar o investimento no monte a través das Sofor, cunha normativa máis flexible
25. Menos impostos para as Sofor a partir de 2018
26. Equipos Forestais de Investigación para apoiar a Policía e a Garda Civil nas pescudas sobre a orixe dos lumes
27. Equipos de Vixilancia de Incumprimento para supervisar que se leven a cabo as medidas de prevención
28. Rexistro de investigación de incendios, con información á disposición dos equipos
29. Rede de vixilancia forestal a través de cámaras de vídeo instaladas en lugares estratéxicos
30. Póñer o 085 ao dispor dos cidadáns que avisten incendiarios